

IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

MIRADA GLOBAL
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESCANEA PARA INSCRIBIRTE



LIGAZÓN

Info: stefany.sanabria@usc.es



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

PROGRAMA OBRADOIROS

24 ABRIL

9.00-10.30. **Propostas para unha educación igualitaria.** Hilda Castro, Sofía Castro, Luis Carrera e Simón Casal.*

10.30-12.00. **As mulleres ao longo da historia.** Zuriñe Leite, Aldara Sandin, María Maneiro, Scarlett Anaís.*

17.30-19.00. **Coplas pola igualdade.** Laura Alberdi, Gabriel Cambeiro, Marta de Soto, Tania Casas, Ainoa Calahuche.*

19.00-20.30. **Reflexións con enfoque de xénero.** Uxía Amorín, Nerea Ávila, Laura Alonso, María Caeiro.*

25 ABRIL

10.30-12.00. **Coidar é outra historia.** Bárbara Penas. InteRed.

19.00-20.30. **A educación non escolar para previr as violencias machistas.** Adela Quiñones, Noelia Regueiro, Sandra Vilacoba.*

26 ABRIL

12.00-14.00. **Relacións sas.** Tania Francos, Elena García, Lorena Garrido.*

12.00-14.00. **Identificar unha relación tóxica para apostar polo bo trato.** Marta Marino, Ángel Fontela, María del Carmen González.*

12.00-14.00. **Identificar os micromachismos para rachar coa violencia silenciada.** Rebeca Felpetto, Fátima Fernández, Alba Ferreiro.*

SESIÓN PLENARIA 28 ABRIL 2023

11:30-11:45 h. **Benvida.**

11:45-13:00 h. **Mesa de experiencias.**

Campaña Mundial pola Educación Galicia. Campaña Mundial pola Educación Galicia

Solidariedade Internacional de Galicia. María Caride

Agareso. Sonia Díaz

InteRed Galicia. Bárbara Penas

13:00-14:00 h. **Defender a quen defende. Defensoras de dereitos humanos, a protección como defensa**

Coordinadora Galega de ONGD

Haydée Castillo. Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos (IM-Defensoras)



EN LIÑA

ACTIVIDADES EN ABERTO

Martes 25 e xoves 27. Módulo central.

Xogar por un mundo de coidados cara as persoas e o planeta. 11:30-12:30 h. Soraya Paz, Andrea Rivas, Laura Rellán.*

A partir do martes 25. Módulo A.

Póster interactivo. Repensar os mitos do amor romántico. Ana Suárez, Nerea Otero, Isabel Paz, Nerea Ramos.*

Ata o 1 de maio. Módulo A

Exposición Toca Igualdade. Fundación InteRed. Módulo A.

*ALUMNADO DO 3ª CURSO DO GRAO EN PEDAGOXÍA

A ASISTENCIA A UN OBRADOIRO E Á SESIÓN PLENARIA SERÁ CERTIFICADA
PARA PODER FACER O SEGUIMENTO DE ASISTENCIA, É PRECISO CONECTARSE O DÍA 28 DENDE UNHA CONTA DE MS TEAMS DA USC



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

PROGRAMA

OBRADOIROS

16 MARZO

19.00-20.30. **Aproximación á Educación para a Cidadanía Global e á CME.** Laura Álvarez de la Fuente e Stefany M. Sanabria Fernandes (CME Galicia).

26 ABRIL

09.00-10.30. **Reflexionando sobre o derecho á educación.** Nelly Fortes González e Stefany M. Sanabria Fernandes (GI-TeXe).

13.30-15.00. **TransformAcción dende as escolas.** Carlos Barcala, Margarita Barbosa, Sara Casares, Sara Cendón e Javier Abad.*

17.30-19.00. **Reivindicando o dereito á educación con enfoque de xénero.** Mónica Lores, Soraya Macía, Elena Muiños.*

SESIÓN PLENARIA

28 ABRIL 2023

11:30-11:45 h. **Benvida.**

11:45-13:00 h. **Mesa de experiencias.**

Campaña Mundial pola Educación Galicia. Campaña Mundial pola Educación Galicia

Solidariedade Internacional de Galicia. María Caride

Agareso. Sonia Díaz

InteRed Galicia. Bárbara Penas

13:00-14:00 h. **Defender a quen defende. Defensoras de dereitos humanos, a protección como defensa**

Coordinadora Galega de ONGD

Haydée Castillo. Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos (IM-Defensoras)



EN LIÑA

ACTIVIDADES EN ABERTO

Exposición de propostas de inclusión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable nos centros edycativos. Alumnado da materia Organización e Xestión do Centro Escolar do 2º curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil e do Dobre Grao en Mestra/e de Educación Infantil e en Mestra/e de Educación Primaria.

*ALUMNADO DO 3ª CURSO DO GRAO EN PEDAGOXÍA

A ASISTENCIA A UN OBRADOIRO E Á SESIÓN PLENARIA SERÁ CERTIFICADA
PARA PODER FACER O SEGUIMENTO DE ASISTENCIA, É PRECISO CONECTARSE O DÍA 28 DENDE UNHA CONTA DE MS TEAMS DA USC



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

A IX edición das Xornadas de Educación para a Cidadanía Global (ECG) céntrase na mirada global da educación con perspectiva de xénero, cunha especial atención ás defensoras de dereitos humanos.

A celebración das xornadas será nun formato mixto (presencial e virtual). Entre o 24 e o 27 de abril celebraranse diferentes obradoiros na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) e na Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) en formato presencial. O venres 28 desenvolverase unha sesión plenaria en liña. As xornadas desenvólvense coincidindo coa **Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME)**, promovida pola Campaña Mundial pola Educación.

Nunha edición máis, os obradoiros estarán liderados por alumnado da Facultade de Ciencias da Educación, concretamente do 3º curso do Grao en Pedagogía, da materia de Educación Comparada, participantes nun proxecto de Aprendizaxe-Servizo e Aprendizaxe Baseado en Proxectos coa Campaña Mundial pola Educación e coa Fundación InteRed. Cada grupo de traballo leva todo o semestre formándose e deseñando unha intervención educativa para as xornadas e para diferentes centros educativos.

Na sesión conxunta do venres 28 intervirán 4 entidades que traballan no territorio galego e internacional dende o enfoque da Educación para a Cidadanía Global: a **Campaña Mundial pola Educación (CME)**, **Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)**, a **Fundación InteRed** e a **Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO)**. As catro forman parte da Coordinadora Galega de ONGD e, entre outras accións, están especializadas en proxectos de sensibilización e educación, constituíndo un ámbito de desempeño das futuras e futuros profesionais da educación.

A segunda parte da sesión centrarase nun proxecto que inicia a súa andadura en Galicia sobre protección de defensoras e activistas de dereitos humanos. Trátase dun programa que nace das ONGD galegas e que traballan en distintos países empobrecidos do mundo nos que están a ver como a persecución e criminalización das persoas activistas e defensoras de dereitos humanos coas que colaboran aumenta cada día. A **Coordinadora Galega de ONGD** achegaranos ao traballo feito ata o momento e establecerá un diálogo con **Haydée Castillo**, unha recoñecida defensora nicaraguana vinculada á Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos e que conta con máis de 30 anos de experiencia na defensoría de dereitos humanos.

Segundo **Front Line Defenders** **as defensoras de dereitos humanos** son persoas que, individual ou colectivamente, traballan pacificamente en nome doutros para promover e defender os dereitos humanos internacionalmente recoñecidos. Defínense polas súas accións en lugar da súa profesión, título de traballo ou organización. Poden ser líderes comunitarias, xornalistas, avogadas, sindicalistas, estudantes ou membros de organizacións de dereitos humanos. Poden defender os dereitos das mulleres, os dereitos ambientais, os dereitos indíxenas, os dereitos da infancia, os dereitos das minorías, os dereitos das persoas refuxiadas ou os dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero, intersexuais ou queer (LGBTIQ+). En moitos países enfróntanse a un risco persoal considerable porque defenden os dereitos das persoas fronte a intereses poderosos. A persecución contra organizacións e persoas defensoras non deixa de aumentar nos últimos anos en todo o mundo. A expansión das actividades extractivas e os agro-negocios a grande escala multiplicaron os conflitos territoriais e dispararon de forma alarmante os índices de violencia contra as persoas que defenden a auga, a terra e os bosques, así como os dereitos das mulleres e das comunidades indíxenas, afrodescendentes e campeciñas. Case o 70% das persoas defensoras asasinadas son activistas ambientais (Coordinadora Galega de ONGD, 2022).

As xornadas xorden froito da colaboración entre o **Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC**, a **Campaña Mundial pola Educación (CME)**, **Solidariedade Internacional de Galicia**, a **Fundación InteRed**, **AGARESO** e a **Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)**. Ademais, está financiada por **Cooperación Galega** e a **AECID**.



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

A EXPOSICIÓN TOCA IGUALDADE

Dende 18 de abril ata o 2 de maio no módulo A da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) pódese visitar **a exposición Toca Igualdade** da Fundación InteRed, que promove un itinerario coeducativo co que previr as violencias machistas. A estrutura da exposición basease en 4 eixos fundamentais e, cada un deles, constrúese en tres pasos:

- Identificar as violencias machistas no día a día para romper o silencio cómplice que as fai posible.
- Desmontar como funcionan, e as súas múltiples causas a nivel global.
- Actuar individual e colectivamente desde as nosas comunidades educativas para participar na construción de mundos libres de violencias machistas.

Esta secuencia aplícase a cada un dos 4 eixos interrelacionados (tres paneis por cada eixo):

- O coidado das persoas e do planeta.
- Recoñecer e celebrar a riqueza de identidades.
- Promover unha educación afectivo sexual de calidade.
- A prevención das violencias machistas desde a coeducación.

A exposición estará dispoñible na sede do Campus Norte entre o 8 e o 15 de maio.

AS ENTIDADES PARTICIPANTES

A **Campaña Mundial pola Educación en Galicia (CME)** é un movemento da sociedade civil presente en máis de 120 países e que reúne a organizacións de todo tipo (ONG, sindicatos, centros educativos, grupos de educación non formal, etc.) co obxectivo de mobilizar á cidadanía para que esixa o cumprimento dos compromisos internacionais para o alcance do dereito a unha educación inclusiva, gratuíta e de calidade para todas as persoas do mundo. A CME Galicia está formada por EDUCO, Entreculturas, Ayuda en Acción, Taller de Solidaridad e o GI Terceira Xeración da USC.

Solidariedade Internacional de Galicia é unha ONGD galega, comprometida cunha cooperación internacional progresista, de vangarda e con capacidade de provocar cambios profundos que dignifiquen a vida das persoas. Ao longo da súa historia ten posto en marcha máis de 60 proxectos de cooperación internacional en 15 países da man de 36 organizacións locais, traballan con máis de 7.500 estudantes galegos e conta con tres tendas de Comercio Xusto que cada día, dende hai máis de 10 anos, abren as súas portas a diario nas cidades de Ourense, Pontevedra e A Coruña.



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

A **Fundación InteRed** centra a súa misión nunha educación transformadora que xera a participación activa e comprometida de todas as persoas a favor da xustiza, a equidade de xénero e a sustentabilidade social e ambiental. Traballa con persoas de diversos países e culturas, especialmente con quen ten os seus dereitos máis vulnerados. É unha organización que conta con distintas sedes en España e noutros países (Bolivia, Guatemala, República Dominicana e Filipinas) traballando con persoas e colectivos que teñen vulnerado o seu dereito á educación; realiza accións de educación, capacitación e formación básica, formación do profesorado para a calidade do ensino, promoción dos dereitos da infancia, equidade de xénero, prevención da violencia de xénero, gobernabilidade e participación, voluntariado e sensibilización.

A **Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO)** é unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cren no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. O seu principal obxectivo é utilizar as ferramentas de comunicación para conseguir esa transformación social a través de proxectos de Cooperación Internacional, Educación para o Cambio e Acción Social. A entidade promove a comunicación como disciplina imprescindible cara unha reflexión social colectiva, o empoderamento dos individuos/as, a defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento dos pobos. As persoas que a integran están comprometidas co deseño, a produción, a realización e a difusión de proxectos de cooperación que contribúan á creación dunha cidadanía máis crítica e capacitada para a loita contra a desigualdade global.

A **Coordinadora Galega de ONGD** é unha plataforma social e política de ONG de Desenvolvemento comprometidas coa consecución da xustiza social e o fin das desigualdades globais que traballan dende Galicia para construír un modelo de cooperación transformadora baseado no desenvolvemento sustentable e no enfoque feminista e de dereitos humanos. Actualmente conta con 43 entidades socias e representa a máis de 26.000 persoas entre socias, voluntarias e traballadoras.

A **Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de DDHH (IM-Defensoras)** nace no 2010 en Oaxaca da man de diferentes movementos sociais, nun encontro onde as mulleres defensoras poñen sobre a mesa a necesidade de articularse. Actualmente conta con máis de 2.000 defensoras e máis de 300 organizacións de Nicaragua, O Salvador, Honduras, Guatemala e México. Pretende xerar estratexias de protección integral feminista que tomen en conta o contexto de discriminación contra as mulleres para responder á violencia que afrontan as defensoras polo labor que realizan, favorecendo a continuidade dos seus labores en condicións de seguridade, igualdade e benestar. O seu traballo enmárcase nun contexto notablemente marcado pola pegada decolonial, a violencia e a invasión ambiental. IM-Defensoras traballa sobre as causas do problema visibilizando a realidade á que teñen que facer fronte as mulleres defensoras de dereitos humanos.



IX XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

HAYDÉE CASTILLO

Haydée Castillo é unha coñecida e recoñecida defensora de Dereitos Humanos nicaraguana que conta con máis de 30 anos de experiencia nacional e internacional en defensoría de Dereitos Humanos.

Estivo vinculada desde moi nova aos movementos estudantís, sociais e feministas. A finais dos 90, creou o primeira ONGD na súa rexión para traballar no empoderamento das mulleres rurais. Anos máis tarde, fundou o Instituto de Liderazgo de las Segovias, que pretendía construír liderados para unha sociedade máis humana ademais de, entre outras cousas, empoderar economicamente ás mulleres. No momento no que o goberno de Daniel Ortega chega ao poder, comeza unha nova política contraria aos intereses das mulleres, entre outras cousas, derogando o aborto por calquera causa. Desde o Instituto de Liderazgo, aínda con todas as dificultades que aos poucos ía impondo o goberno ás organizacións feministas, Haydée Castillo seguía traballando.

No 2018 chega unha época dunha horrible represión cara a todo aquel que se mostrase oposto ao réxime orteguista ou a algunha das súas medidas. Nun contexto con centos de detencións, persecucións e asasinatos, o traballo de Haydée facíase cada vez máis complicado, comezando tamén a sufrir ameazas e persecucións por parte da policía. Despois dun intento de asasinato, decide abandonar o país, pero é detida pola ditadura no aeroporto, con cargos de tenencia de armas e terrorismo de estado. Unha vez sae do cárcere, a permanencia no país era imposible. Actualmente, Haydée axuda desde EEUU ás persoas de Nicaragua e relata que o exilio non é nada fácil e menos para as persoas defensoras. “Máis que vernos como vítimas, nós queremos pedirles que nos vexan como protagonistas da historia, como persoas con dereitos e que o noso soño é fundamentalmente vivir e coñecer a paz que nunca coñecemos”.

Para saber máis sobre Haydée:



Este libro, dispoñible en aberto, forma parte da colección [Defensoras de dereitos](#), editada por AGARESO